

Agustín Fernández Paz: «As flores radiactivas»

A piques da publicación da súa última novela infantil

Agustín Fernández Paz é pedagogo, dende hai dous anos deixou as clases polo traballo no Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa. A meirande

parte dos seus artigos espallados en revistas e xornais, relaciónanse coa normalización lingüística no ensino, a literatura infantil, a introducción dos medios de

comunicación e o comic na escola. Coautor dos libros de texto para EXB: «O Noso Galego» e a serie «Canles». Publicou recentemente «A cidade dos

desexos» e está próxima a aparecer a súa segunda novela infantil «As flores radiactivas», premio Merlín, editada por Xerais.

ANGELES G. SALGADO *1/igo*
Agustín Fernández Paz é autor da novela «As flores radiactivas», que obtivo o premio Merlín de literatura infantil na edición de 1989. Con anterioridade publicara «A cidade dos desexos». Estas son as únicas obras que publica en solitario, mais a súa traxectoria literaria vén de lonxe, como el mesmo conta: «Dende que escomecei a traballar no ensino na vila de Mugaros, eu falaba ós alumnos no noso idioma. Daquela non había textos en galego, inventabamos as nosas propias historias que formaban capítulos e xuntos compunían unha novela cuxos protagonistas eran os nenos da clase. Colaborei moito nos libros de lectura e de texto, no colectivo «Avantar» e na «Nova Escola Galega». Fixemos libros de texto para EXB como «O Noso Galego» e a serie «Canles», tamén colaborei na «Revista Galega de Educación» ou «As Roladas-2», é o motivo polo que tardei en publicar de forma autónoma».

—¿Cal é a cualidade máis destacable do escritor no seu criterio?

—Ten que saber enganchar o lector dende as primeiras follas e non soltalo ata o final. O argumento, a linguaxe e o ritmo son tres factores moi importantes. O argumento ten que ser atractivo e de actualidade, aínda que non sexa moi orixinal. No emprego da linguaxe ten que ter a difícil sinxeleza de atopar as palabras xustas, sen caer na sensiblería ou facilonada, cousa fronte non aos contos infantís. O ritmo narrativo áxil, emparentado co cine de acción, o paradigma pode ser Indiana Jones. Os capítulos deben ser curtos, coa finalidade de facerlle máis cómoda a lectura ó lector infantil. Unha boa técnica é contraponer e entremesurar as accións, así o fixen nas «Flores radiactivas».



O libro estupefaciente

—¿Vostede cre necesario empregar criterios pedagóxicos

■ «Non creo na literatura lúdica sen máis, o criterio de crear un mundo imaxinario para os rapaces, paréceme un erro».

na literatura infantil?

—Case todo o que escribo ten un carácter pedagóxico, pero recoñezo que pode ser un defecto terrible. Danme case vergoña ve-los libros directivistas, aqueles que teñen moralina. Gustánneme moito os contos lúdicos que traslucen fondas ensinanzas soterradas. Tampouco creo na literatura lúdica sen máis, o que eu chamo o libro estupefaciente. O criterio



Agustín F. Paz, autor da novela «As flores radiactivas», onde conta, a través dunha rapaza, a aventura do fin dos militares, por mor do cheiro dunhas flores máxicas... E partidario de tratar temas de actualidade nos contos infantís cun certo senso pedagóxico, aínda que rechaza a moralina.

de que como o mundo está mal imos crear un mundo imaxinario para os rapaces, paréceme un erro. Na literatura infantil hai que falar dos temas de actualidade: o pacifismo, o perigo nuclear, o feminismo... dun xeito en que as ensinanzas se desprendan, evitando o didactismo que é o que invalida o setenta por cen da narrativa infantil.

—¿A literatura infantil tradi-

cional que se transmitía dun xeito oral en Galicia, os contos e lendas do rural, é un labor que aínda está por facer?

—Sí, estamos a traballar en iso, o colectivo «Merlín» encargou a Darío Xohán Cabana unha selección dos contos e lendas populares galegos, traballo parecido o que fixo Italo Calvino. O único precedente que temos en Galicia foi coa xeneración Nós,

que iniciaron este traballo aló polos anos vinte ou trinta.

—Mais algúns deses contos tradicionais, poderían caer no didactismo ou no sexismo do que antes falabamos, se o recompõem, xa é unha variación da historia orixinal, ¿qué criterio seguen na selección?

—Bruno Bettelheim fixo un estudio psicanalista dos contos das fadas e chegou á seguinte

conclusión, que eu comparto: os contos tradicionais son unha visión deformada dunha serie de mitos que tiñan unha función instructiva nas sociedades primitivas. Non eran destinadas ó público infantil, co paso do tempo quedaron como tales. Pola súa dimensión educativa tan funda, paga a pena esquecerse, entre aspas, dos compoñentes sexistas ou violentos, para chegar á súa función liberadora. Vemos que o personaxe central destas historias, decote é un ser desvalido, un neno, que se a aventura no bosque, simbolismo da vida, enfrontándose a moitos perigos dos que ó final sae vencedor.

«Vexoo claramente na miña filla de sete anos, que lle entusiasman os contos dos irmáns Grimm. Unha nena, a dez anos de entrar no século XXI, prefere aquelas historias. Aí hai algo que superou o paso das modas literarias».

—¿Que contos de autores galegos lle gustaron mais?

—O último que vin foron dous contos de Paco Martín que tratan dun robot, aínda non saíron publicados e non teñen título. Gustoume moito «A formiga coxa» de Marilín e «O armario

■ «A guerra, a morte, o sexo, non hai temas prohibidos na literatura infantil, o problema é saber tratalos»

novo de Rubén e outros contos» de Xavier do Campo. Unha das obras mestras paréceme «Donde viven los monstruos» de Maurice Sendak, aínda que non sexa galego.

O sexismo

Nos contos infantís de Agustín Fernández Paz, as rapazas teñen un papel protagonista, ou en todo caso, endexamais adoptan un papel pasivo a esperar a chegada do príncipe, como era frecuente na literatura tradicional. Sobre o tema da discriminación sexual na literatura infantil, Agustín Fernández Paz opina que «a loita pola emancipación da muller hai que comenza-la dende a nenez. Unha maneira de favorecerla é dende a literatura infantil. Eu podo ser un compañeiro de viaxe, ese é o motivo polo que os protagonistas das miñas novelas e nos meus contos, sexan nenas cunha proxección dinámica e positiva».

«A morte, o despertar-lo sexo, a guerra... non hai temas prohibidos na literatura infantil, o problema é saber tratalos. Un exemplo do que digo é o libro do catalán Manuel de Pedrola, «Mecanoscrito», o temos en galego, está a ser un éxito».

O ecoloxismo e o pacifismo á narrativa infantil

Agustín Fernández Paz gusta de trata-los temas de actualidade nos contos para nenos. Así, na súa novela «As flores radiactivas» ten como protagonistas os ecoloxistas e a OTAN, a través do diario dunha rapaza chamada Alba. O seu autor resúmenos deste xeito o seu guión: «Na fosa Atlántica, onde botaban os residuos radiactivos, os pesqueiros ven unha mancha brillante. Os xornais fanse eco, as forzas militares acordan a zona e un grupo de ecoloxistas, ADEGA, van aló nun vello barco pesqueiro».

«Alba, enbarca como polizonte. Os militares descubren que a mancha brillante se trata dunhas flores cuxo cheiro converte as persoas en antimilitaristas, en pacifistas radicais. Os soldados comenzan a

desertar, inclusive os oficiais. A OTAN ve nas flores o perigo para a súa supervivencia, entón deciden destruílas. Pero non contaban con que os ecoloxistas recolleran unha mostra delas e as distribuíran por todo o mundo a través de Greenpeace. Pouco a pouco van rematar as guerras. Somenta queda un reducto: os altos mandos da OTAN que se atopan reunidos nunha habitación pechados a cal e canto, pero escoitan uns ruidos na rúa e abren as fiestras. A xente bota as flores no interior do despacho, e o cheiro supón o fin dos militares».

O comentarille a Agustín Fernández Paz que as cualidades máxicas do cheiro das flores lembra «O perfume» de Suskind, indica que «en todo caso é unha coincidencia

inconsciente. Lin esa obra hai tempo, gustoume, pero non me decaté dela conscientemente cando estaba a escribir «As flores radiactivas». A historia en principio era un conto de catro ou cinco follas, que xurdiu facendo un exercicio no que empregaba a técnica de Gianni Rodari sobre as palabras opostas: flor e mal. Levaba dous anos parada, ata que no verán, na Póboa do Caramiñal, a desenvolvín».

—¿Qué relación hai entre a vivencia e a imaxinación no seu proceso creativo?

—Todo o que se escribe son lembranzas. Non creo que os persoaxes funcionen só, dun xeito autónomo. O principio fas un guión, as veces, só as veces, a historia vai saindo sen segui-lo esquema inicial do autor.